

CIRCULAR COMEDOR ESCOLAR CURSO 2024-25

A Consellería vai publicar a Instrucción 1/2024 da Secretaría Xeral Técnica, do 01 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de Xestión Directa no curso escolar 2024-25. As novidades respecto as normas anteriores así como os aspectos máis salientables pasaremos agora a expoñelos:

Colaboradores de Comedor.

As funcións de colaboradores, en caso de non existir membros docentes que as desempeñen, poderán ser realizadas por nais e pais, mais estas persoas non poderán desempeñar as funcións de colaboradores durante dous cursos escolares consecutivos, co que non poderán asumir tales funcións as persoas que as realicen durante un mínimo de 36 días no curso escolar 2024-25 (agás que non existiran suficientes voluntarios). O procedemento de selección estará aberto do 25 de xuño ata o 01 de setembro do 2024 e terá un carácter altruísta e voluntario, e unicamente recibirán unha axuda polos gastos de dedicación e desprazamentos xerados na colaboración por un importe de 12,50 € por día de asistencia efectiva. Os importes resultantes aboaranse en tres pagamentos ao remate de cada trimestre coa retención fiscal que corresponda. En atención á Lei 26/2015, do 28 de xullo, as persoas seleccionadas deberán acreditar non ter sido condenados en sentenza firme por delitos sexuais, achegando a certificación negativa do Rexistro Central de delitos sexuais.

A instrucción permite, en caso de non existir suficiente número de colaboradores, a colaboración doutras persoas

Número de prazas autorizadas pola Consellería.

O número de prazas autorizadas pola Consellería é de 276, impedindo calquera ampliación desa número, e incluídas aquí as prazas de cobertura obrigatoria (dirección, encargado, persoal de cociña, persoal colaborador). É obrigado **que todo o alumnado interesado** no uso do servizo, **sexa xa comensal ou non, faga a súa reserva** antes do remate do mes de xullo e a entregue na secretaría do Centro, en caso contrario perderá o dereito ao uso.

Selección e admisión de usuarios.

Durante os meses de **xuño e xullo do ano en curso** os centros reunirán e ordenarán as solicitudes de comedor correspondentes ao alumnado escolarizado no curso 2024-2025, de xeito que, de existir máis solicitudes que prazas autorizadas no comedor escolar, o Consello Escolar revisará e rebaremará a totalidade das ditas solicitudes, avaliándoas como novas, de acordo **coa seguinte orde de preferencia**:

1. **Alumnado usuario** do servizo de **comedor no curso escolar anterior**.
2. **Alumnado usuario lexitimo do servizo do transporte escolar**, nos termos establecidos na Instrucción da Secretaría Xeral Técnica, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2024-2025.
- 3.-Ter un/una **irmán matriculado no centro e usuario do comedor escolar** no intre de formalizar a solicitude.
4. Alumnado pertencente a unidades familiares que se **atopen en situación socioeconómica de exclusión social** ou que teña **unha discapacidade igual ou superior ao 33%**, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.
5. **Alumnado membro de familias numerosas**, acreditado co correspondente título.
6. Alumnado **fillo de pais e nais traballadores con incompatibilidade acreditada documentalmente dos seus horarios laborais** co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía.
7. **Outro alumnado do centro**. Neste suposto atópanse os escolarizados fóra da área de influencia.

As listas provisionais de admitidos ao comedor escolar elaboradas polo Consello Escolar expóranse nos taboleiros de anuncios dos centros, abríndose de seguido un prazo non inferior a 5 días para presentación de alegacións. Unha vez resoltas as mesmas polo Consello Escolar de cada centro, o antedito órgano aprobará con carácter definitivo a lista dos admitidos, que volverá a ser exposto no centro, para o efecto de que, no seu caso, se deduzan os oportunos recursos de alzada ante as Xefaturas Territoriais da Consellería.

Os usuarios/as do servizo de comedor que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia antes das 9:45 horas do día que deba ter efecto, poderán ser suspendidos pola Dirección do dereito ao uso do servizo durante 10 días/ O alumnado que durante o prazo dun mes de xeito continuado non faga uso do servizo causará baixa agás que teña unha causa xustificada.

Procedemento de autodeclaración dos prezos públicos pola utilización do comedor escolar

O centro fará chegar ás familias dos comensais admitidos ao comedor o modelo de autodeclaración de prezos públicos, as cales deberán entregalo nos centros cuberto en todos os seus extremos antes do 11 de setembro. Mediante dito modelo os adultos que exerzan a patria potestade dos alumnos autodeclararán as circunstancias de carácter persoal e de renda neta per cápita familiar correspondente ao exercicio fiscal 2023, anterior ao ano actual, e, conseguintemente, determinarán a contía do prezo público que lles corresponde abonar

3.2.2. Contías dos prezos públicos

O uso do servizo dará lugar ao aboamento dos seguintes prezos públicos por parte dos suxeitos obrigados:

3.2.4. Usuarios gratuítos do servizo

Segundo o artigo 11 do Decreto 132/2013, de comedores escolares, **serán usuarios gratuítos exclusivamente os seguintes:**

- Os alumnos pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.
- Os alumnos que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.
- Os alumnos cun grado de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%.
- Os alumnos pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada.
- Os alumnos pertencentes a unidades familiares con renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 €.
- Os pais e nais de alumnos matriculados en ensinanza básica e educación infantil que colaboren na atención dos alumnos comensais exclusivamente durante os días concretos en que se desenvolva a súa colaboración efectiva.

A INSTRUCCIÓN SINALA O MANTEMENTO DO PROTOCOLO COVID NO SERVIZO DE COMEDOR POLO QUE, EN PRINCIPIO, MANTERANSE AS DÚAS QUENDAS ACTUAIS DE COMEDOR COS MESMOS HORARIOS DE ENTRADA E SAÍDA DO SERVIZO.

Preinscripción no Servizo de Comedor Escolar para o curso 2024-25

D..... pai/nai do alumno/a

..... que cursará no 2024-25..... solicita praza para o comedor segundo o seguinte criterio:

Alumnado usuario do servizo de **comedor no curso escolar anterior.**

(Documentación que adxunta)

Alumnado usuario lexítimo do servizo do transporte escolar.

Alumnado pertencente a unidades familiares que se **atopen en situación socioeconómica de exclusión social** certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.

Alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, acreditación de informe dos Servizos d S.S.

Alumnado membro de familias numerosas, acreditado co correspondente título.

Alumnado **fillo de pais e nais traballadores con incompatibilidade acreditada documentalmente dos seus horarios laborais** co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía.

Outro alumnado do centro:

Posúe irmá/irmáns usuarios do comedor escolar: SI NON (risque a que corresponda)

O Equipo directivo.